

boletín do ceesg

marzo

o cambio

Nº 3 | Marzo de 2007 | Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia



ceesg
colexio de educadoras e
educadores sociais de galicia

Rúa Gómez Ulla 7, 3º
15702 Santiago de Compostela
A Coruña

T 981 552 206 | F 981 938 274
ceesg@colexioeducadores.com
www.colexioeducadores.com

DL C-374-2007

O CONSEJO GENERAL DE COLEGIOS DO ESTADO COMENZA A SUA ANDAINA DENDE GALICIA

Seguindo coa construción do marco profesional, e despois da consecución de 10 Colexios Autonómicos (dos cales o CEESG foi o segundo), todos os territorios do Estado vimos necesario dotarnos dun Órgano de ámbito Estatal, que tivese un recoñecemento oficial similar aos colexios existentes. O CEESG, xunto co resto dos Colexios e Asociacións existentes, levamos varios anos intentando constituír esta Entidade, que dadas as leis vixentes, ten que ser o **CONSEJO GENERAL DE COLEGIOS OFICIALES DE EDUCADORAS Y EDUCADORES SOCIALES**.

Como sen dubida sabedes, dito Órgano foi creado por Lei 41/2006 das Cortes do Estado, publicada no BOE de 27 de decembro do pasado ano.

O CGCEES será pois, a partir de agora, o responsable das relacións co Goberno do Estado, os órganos colexiais doutras profesións e os órganos profesionais e administrativos de orde internacional. Debe tamén impulsar os debates e propostas que afecten a toda a profesión (código deontolóxico, estatuto profesional,...) tendo en conta as diferentes realidades e necesidades dos Colexios Autonómicos.

Terá tamén un papel moi destacado na coordinación das actuacións e outros aspectos organizativos das entidades autonómicas, sendo un apoio para estas, fomentando a construción e desenvolvemento da promoción profesional a nivel estatal, respectando o máximo a autonomía dos Colexios Autonómicos e o seu marco regulador e competencial.

Este Órgano comeza pois a súa andaina, na que deberá crear a súa propia estrutura, darse a coñecer, e facer un traslado ordenado e respectuoso cos acordos e co traballo desenvolvido ata agora pola Asociación Estatal existente na actualidade e as anteriores.

Todos os Colexios e Asociacións dos Educadores e as Educadoras Sociais quixeron que o primeiro acto do Consejo fose en Galicia, máis concretamente en Lugo, como recoñecemento á aposta que vén

realizando o noso Colexio Autonómico pola situación profesional estatal dende hai moitos anos e, máis recentemente, polo traballo desenvolvido polo CEESG na Comisión de ASEDES de *Creación de Consejo Estatal*, que vén de lograr o froito da consecución do CGCEES.

Así pois, nun acto que nos encheu de alegría e orgullo, o día 9 de febreiro constituíuse en Lugo a Comisión Xestora do Consejo, aprobáronse os Estatutos Provisionais, que foron remitidos ao Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, comezando deste xeito a poñer as primeiras pedras da nosa nova Entidade Estatal.

Neste acto tivemos a honra de contar como convidados, ademais dos representantes dos 10 colexios existentes (así como os seus presidentes), a representantes do Congreso dos Deputados, do Senado, do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e, por suposto, a Xunta Permanente do noso Colexio. Queremos tamén dende aquí facer un recoñecemento ao Concello de Lugo pola súa colaboración na realización deste acto, facilitando ao máximo todos os aspectos organizativos.

Dende o CEESG queremos felicitarnos porque este histórico acto fose realizado en Lugo e estamos seguros que isto vai servir para dar un novo pulo á situación da profesión, especialmente cara a nosa, tan necesaria, regulación profesional; así como para servir de estímulo cara a consecución dos Colexios Autonómicos nos territorios que aínda non o teñen e están loitando por dotarse del.

É intención da Xunta de Goberno do CEESG seguir apostando por fortalecer a nosa representación Estatal, na seguridade que isto servirá tamén para mellorar a nosa situación profesional na nosa terra, polo que, sen esquecer nunca o traballo en Galicia, imos continuar colaborando con todas as entidades do Estado para que o Organismo que naceu en Lugo contribúa moi significativamente a facer cada vez máis recoñecida, útil e eficaz a nosa profesión.

Alberto Fernández de Sanmamed
Presidente do CEESG

ACTUACIÓNS REALIZADAS

- ✓ Asistencia o día 3 de marzo ao acto “Mulleres con memoria. Homenaxe ás mulleres represaliadas polo franquismo”, que tivo lugar en Santiago de Compostela organizado pola Concellería de Cultura e Deportes do Concello de Santiago e pola Secretaría Xeral de Igualdade. Asiste Eva López, Vogal do CEESG.
- ✓ Reunión o día 7 de marzo coa entidade aseguradora Mirasegur, para barallar posibilidades de contratación de Seguro de Responsabilidade Civil para os/as colexiados/as. Asiste Jorge Piñeiro, Secretario do CEESG.
- ✓ Asistencia o día 8 de marzo ao Acto de Conmemoración do Día Internacional das Mulleres, que tivo lugar en Santiago de Compostela, organizado pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Asiste Alberto Fernández Sanmamed, presidente do CEESG.
- ✓ Reunión o día 12 de marzo co Director Xeral de Xustiza, D. Xulio Ignacio Iglesias, e outros membros do seu departamento, co fin de negociar a posibilidade de asinar un convenio de colaboración entre as entidades, destinado á incorporación de Educadores/as Sociais nos Xulgados de Familia de Santiago de Compostela, como proxecto experimental. Asisten Alberto Fernández Sanmamed, Alfonso Tembrás e Montse Sánchez, Presidente, Tesoureiro e empregada do CEESG.
- ✓ Xuntanza o día 14 de marzo con Lucía Sánchez, da entidade *Cidadanía*, na que consultan sobre diversos aspectos relacionados coas políticas de familia dende o punto de vista do CEESG, con vistas á elaboración do IV Plan Integral de Apoio á Familia. Asiste Eva López, Vogal do CEESG.
- ✓ Envío de escrito, xunto con Nova Escola Galega, aos Decanos das Facultades de Ciencias de Educación das Universidades de A Coruña, Santiago e Vigo (Campus de Ourense), solicitando o nomeamento de un profesor para a súa participación nunha comisión de traballo que estude as distintas alternativas de incorporación de Educadores/as Sociais no marco escolar e promova avances nesta materia.
- ✓ Envío a diversas Federaciós e Confederaciós de Asociaciós de Nais e Pais de Alumnos, solicitando o seu apoio expreso á nosa proposta de incorporación de educadores/as sociais nos centros de ensino.

- ✓ Envío de escrito a D. Álvaro Cuesta, Secretario de Política Municipal e Liberdades Públicas do PSOE, en representación do Consejo General de Colegios Oficiales de Educadoras y Educadores Sociales e da Asociación Estatal de Educación Social, amosando o desacordo coa proposta recollida no “Programa Marco Municipal Eleccións 2007” que alude á incorporación de un policía local en cada centro educativo, solicitando retiren dita proposta do programa e reivindicando a labor socioeducativa que o Educador/a Social podería desenvolver neste eido. Apórtase o informe elaborado e revisado por Asedes “El educador y la educadora social en el estado español: una concreción de su trabajo en centros escolares”. Posteriormente envíase copia deste escrito aos máximos responsables nesta materia no PSdeG-PSOE, D. Manuel Lagares Pérez, Secretario de Política Municipal, e D. Ricardo Varela Sánchez, Secretario de Organización e Acción Electoral. Neste envío axúntase ademais do informe o libro de actas das I Xornadas *A escola, punto de encontro entre o profesorado e educadores/as sociais*, o tríptico elaborado polo CEESG “O/A educador/a social no ámbito escolar” e as conclusións das I Xornadas *técnicas sobre o conflito na escola: estratexias e solucións*.
- ✓ Participación nas Xornadas *Infancia e Adolescencia. Novas actuacións en materia de menores*, que tiveron lugar en Santiago de Compostela os días 22, 23 e 24 de marzo organizadas pola Asociación Trama. M^a José Fernández, Vicepresidenta do CEESG, participou na presentación dun relatorio.
- ✓ Envío aos Xulgados e Tribunais de Galicia dos listados provinciais de Educadores/as Sociais Peritos Xudiciais elaborados polo CEESG.
- ✓ Asistencia á reunión de xunta de goberno de Asedes os días 24 e 25 de marzo en Barcelona. Asiste Alberto Fernández de Sanmamed, Presidente do CEESG.
- ✓ Colaboración na organización e desenvolvemento da *Sesión Técnica: Cómo ser Axentes de Capacitación. O Empowerment nos Equipos de Traballo*, co-organizada co Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia, que tivo lugar o día 30 de marzo en Santiago de Compostela.

NOVAS PUBLICACIÓNS DISPOÑIBLES NA BIBLIOTECA DO CEESG

- Revista Educar(NOS) nº 36 II época. Outubro-décembro 2006. Grupo Milani
- Revista “Perfiles. Revista general de política social” Nº 229. Marzo 2007. ONCE.
- A participación nas escolas galegas. Informe do Consello Escolar de Galicia. Curso 93-94. Xunta de Galicia.
- Guía de equipamentos para maiores. Xunta de Galicia.
- Revista Multidisciplinar de Gerontología. Nº 2. Marzo-Abril 2000. Nexus.
- Revista Española de Geriatría y Gerontología. Diversos números.
- Xornal “Infoxove”. Nº 11. Marzo 2007.
- Boletín “Aldizkaria” Nº 137. Febreiro 2007. Centro de Documentación de Drogodependencias.
- Revista “Educación Social” nº 34. Monográfico “Nuevos escenarios para los Servicios Sociales”. E.U. Pere Tarrés.
- Xornal “Entre Mayores”. Nº 66. Marzo 2007.
- VÁZQUEZ JANEIRO, L. (2004): Actividades de Educación Ambiental. Deputación de Lugo
- Revista “Trobada d’educación social”. Nº 1. Febreiro 2007. Monográfico sobre o educador/a social nos centros de ensino.
- HERNÁNDEZ, A.: Material didáctico do proxecto *Facendo Familias. Proposta educativa para educación primaria. Fomentando a participación da infancia na construción dun ambiente familiar positivo*. Fundación Meniños.
- “Revista del Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales”. Nº 65. 2006. Monográfico sobre “Discapacidad, autonomía personal y atención a la dependencia”. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. Subdirección General de Información Administrativa y Publicaciones.

ARTIGO DE INTERESE: AVISOS

Modificación do carné de colexiado/a

Con motivo do cambio de nome do noso colexio profesional, é preciso modificar o documento acreditativo de pertenza a esta entidade. Neste sentido, xa a comezos de ano enviamos a certificación de colexiación, tocándolle agora ao carné de colexiado/a.

Para a modificación do carné de colexiado/a, faise necesario que todos/as os/as colexiados/as envíen dúas fotografías recentes (co voso nome e nº de colexiado/a na parte posterior) ao CEESG, remitíndoas por correo postal ou ben entregándoas directamente na oficina. Tamén é posible facelo a través de correo electrónico, tendo en conta que a imaxe enviada debe ter unha boa resolución, e indicando no e-mail o voso nome e nº de colexiado/a.

O prazo para a recepción da fotografía é o día 30 de abril de 2007.

Servizo de Avisos On-Line

O servizo de Avisos on-line nace para facer chegar aquela información que polo seu axustado prazo non pode incluírse no “Boletín do CEESG” así como para resaltar contidos de interese da nosa web.

A información será enviada por correo electrónico a todas aquelas persoas que teñan acceso á área restrinxida de www.colexioeducadores.com. O único requisito para isto é estar colexiado/a e solicitalo a través da propia web.

Unha vez entres co teu nº de colexiado/a e contrasinal, atoparás a opción “Subscripcións”, a través da cal poderás elixir a lista de correo na que queres apuntarte (hai versión castelán e galego).

Se xa es usuario/a da web pero prefires non recibir esta información, podes darte de baixa en ambas listas sen necesidade de eliminar o teu rexistro na web.

Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia

Colabora co Boletín do CEESG enviando o teu “Artigo de interese” a ceesg@colexioeducadores.com

FORMACIÓN CONTINUA**FORMACIÓN CON DESCONTOS PARA COLEXIADOS/AS****II CONGRESO IBEROAMERICANO DE PEDAGOGÍA SOCIAL XXI SEMINARIO INTERUNIV. DE PEDAGOGÍA SOCIAL**

Organiza: Sociedade Iberoamericana de Pedagogía Social, Universidade de Vigo e Universidade Tras-Os Montes e Alto Douro.

Lugar: Días 17 e 19: Allariz. Día 18: Chaves

Datas: 17, 18 e 19 de setembro de 2007.

Prezo: Socio/a SIPS, membro de ASEDES ou Colexio Profesional de Educadores/as Sociais, Investigador/a en formación ou Alumno/a: 75 €. Outras situacións: 150 €. (Para aloxamento e comida hai diversas opcións e prezos)

Información: <http://webs.uvigo.es/educacion-ou/congreso.sips.2007@gmail.com>

I CONGRESO GALEGO: O ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS NA SOCIEDADE DE HOXE

Organiza: Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer de Lugo (AFALU)

Lugar: Pazo de Congresos e Exposicións de Lugo.

Datas: 10, 11 e 12 de maio.

Prezo: Cota xeral: 150 €. Membros de entidades colaboradoras e socios (inclúese o CEESG): 100 €. Estudiantes e desempregados: 50 €

Información: AFALU.

icongresoalzheimer@hotmail.com

Secretaría Técnica: Gesticultura. Tif.: 982284150

correo@gesticultura.com

NOVAS DOS BOLETÍNS**EMPREGO**

Instituto Municipal A Coruña Espectáculos (Concello de A Coruña): Bases para cubrir unha praza de animador sociocultural no Instituto Municipal A Coruña Espectáculos (BOP de 17/03/07. Convocatoria en DOG de 21/03/07)

Concello de Mondoñedo (Lugo): Anuncio da convocatoria para a provisión dunha praza de técnico de cultura (BOP de 22/03/07)

Concello de Ourense: Anuncio da oferta de emprego público para 2007. Unha praza de Educador do Centro de Información Municipal da Muller (BOE de 21/03/07)

Deputación Provincial de Pontevedra: Anuncio das bases para cubrir varias prazas vacantes. Unha praza de Técnico de Formación (BOP de 21/03/07. Extracto en DOG de 21/03/07)

Concello de Cambados (Pontevedra): Anuncio das bases para a provisión das prazas incluídas na oferta de emprego público 2006. Unha praza de Dinamizador/a Xuvenil e unha praza de Técnico de Xestión Cultural e Deportiva (BOP de 26/03/07)

Concello de Arteixo (A Coruña): Convocatoria de bases xerais e específicas do proceso selectivo para a cobertura do posto de Técnico Medio de Educación (BOP de 26/03/07)

OUTROS

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Resolución pola que se regula a concesión de subvencións a concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollida da poboación retornada e inmigrante na Comunidade Autónoma Galega (DOG de 6/03/07)

Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller: Resolución pola que se regulan as bases para a concesión de axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria (DOG de 07/03/07. Corrección o 14/03/07)

Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller: Resolución pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións para o retorno á formación das mulleres que abandonaron o proceso educativo para seren nais (DOG de 8/03/07)

Consellería de Traballo: Orde pola que se establecen as bases e convocatoria para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego (DOG de 13/03/07)

Consellería de Cultura e Deporte: Orde pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas a fundacións, asociacións e institucións culturais, para o seu funcionamento e para a realización de programas culturais (DOG de 14/03/07)

Ministerio de Educación e Ciencia: Orde pola que se convocan subvencións a entidades privadas sen fins de lucro para a realización, durante o ano 2007, de congresos e xornadas de difusión de actividades dirixidas á educación de persoas adultas no marco da aprendizaxe ao longo da vida (BOE de 15/03/07)

Ministerio de Educación e Ciencia: Real Decreto 275/2007, de 23 de febreiro, polo que se crea o Observatorio Estatal da Convivencia Escolar (BOE de 15/03/07)

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Orde pola que se convocan subvencións destinadas ás entidades locais para realización de actividades dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías (DOG de 16/03/07)

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Resolución pola que se regula a concesión de axudas a asociacións de emigrantes retornados e inmigrantes (DOG 16/03/07)

Ministerio de Educación e Ciencia: Orde pola que se convocan subvencións a entidades privadas sen fins de lucro para a realización de actividades de compensación educativa durante o curso 07-08 (BOE de 16/03/07)

Consellería de Traballo: Orde pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade (DOG de 16/03/07)

Ministerio de Educación e Ciencia: Orde pola que se convocan subvencións a entidades privadas sen fins de lucro para a realización de determinadas actuacións no ámbito de xestión do Ministerio de Educación e Ciencia (BOE de 16/03/07)

Ministerio de Educación e Ciencia: Orde pola que se convocan os premios para os centros docentes que desenvolvan accións dirixidas á compensación de desigualdades en educación (BOE de 16/03/07)

Ministerio de Educación e Ciencia: Orde pola que se convoca a concesión de subvencións para a realización de proxectos ou actividades de fomento da educación e a cultura de paz (BOE de 17/03/07)

Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais: Orde pola que se establecen as bases da concesión de subvencións sometidas ao réxime xeral de subvencións da Secretaría de Estado de Servizos Sociais, Familias e Discapacidade (BOE de 21/03/2007)

Xefatura do Estado: Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, de igualdade efectiva de mulleres e homes (BOE de 23/03/07)

Ministerio da Presidencia: Real Decreto 367/2007, de 16 de marzo, polo que se crea e regula a Comisión Nacional para o Fomento e Promoción do Diálogo Intercultural (BOE de 24/03/07)

OUTRAS CONVOCATORIAS**OFERTAS DE EMPREGO**

Convoca: Hermanos Misioneros Los Enfermos Pobres

Posto ofertado: Educador/a Social

Localidade: Vigo

Información sobre o posto: Contratación durante 9 meses, a media xornada. Horario a convir. Para exercer funcións de Animación Sociocultural e Inserción Sociolaboral.

Contacto: Enviar CV por algún destes medios:

E-mail: anfere2006@yahoo.es

Fax: 986453519

Correo postal: Hermanos Misioneros (A/A.: Tino) Avda. de Galicia, 160 CP: 36216 - Vigo

Subvenciona:



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Coa colaboración de:

